



CIRCULAR PARA PAIS/NAIS/TITORES

Estimados pais/nais/titores:

A ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar, ten por obxecto, entre outros, regular no curso 2023/2024 a participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar. Procedemento ED330B.

INSTRUCCIÓNS.

Para participar no fondo solidario, axuda de adquisición de libros de texto e material escolar **deberá presentar:**

- a) **Anexo I.** (Documento de solicitude que acompaña a esta circular). Deberá estar debidamente cuberto e será único para todos os fillos que estean admitidos no centro docente para o curso 2022-2023.
- b) **Anexo II** (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
- c) **Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- d) Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
- e) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo.
- f) Resolución xudicial constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
- g) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- h) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación ou por falta da devolución dos ordenadores E-Dixgal ou dos libros de texto recibidos do fondo solidario ou adquiridos coas axudas no curso 2022/2023. Así mesmo, estarán excluídas as solicitudes que superen os límites de renda per cápita da unidade familiar fixados na orde que regula esta solicitude.

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) ou no centro educativo.

Nota: Debe poñer os seus datos tal e como figuran no seu DNI e sen abreviaturas. Ex: se no seu DNI consta como María del Carmen non pode poñer M^a del Carmen ou María Carmen.

A renda per cápita da unidade familiar a ter en conta tanto para a asignación dos libros do fondo solidario como para as axudas para adquirir libros de texto e axudas para adquisición do material escolar, **será a do exercicio do 2021 (súmase o recadro 435 e o recadro 460 e divídese o resultado entre os membros computables da unidade familiar)**. Cando non presentase a declaración sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2021, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarán como dous, os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a día 31 de decembro de 2021.

Serán membros computables:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou tutores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados cando teñan modificada xudicialmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando estean suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

A asignación dos libros de texto do centro realizarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.

PRAZOS

O prazo de presentación das solicitudes rematará o día 21 de xuño.

O alumnado do 6º curso que vaia cursar 1º da ESO o próximo curso, deberán entregar a solicitude no IES Marco do Camballón ou no centro que vaia cursar os estudos durante o curso 2023/2024.

O prazo para devolver os ordenadores E-Dixgal e os libros do fondo libros do presente curso remata o 21 de xuño. A non devolución, suporá a exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2023/24.

OBRIGATORIEDADE

A documentación presentada no centro deberá ir acompañada dos orixinais que verifiquen a súa autenticidade.